

Memoria económica e de transparencia do convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Crecente para o proxecto senlleiro de acondicionamento interior do mercado municipal dentro da **categoría de "promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca."**

Expediente: CNV22_09

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da





diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Agader, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, vén apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosennlleiros.pdf), no que conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social da actuación proposta

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Agader e os concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

O 11 de maio de 2022 o Concello de Crecente presentou unha solicitude de colaboración á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca". Xunto coa solicitude achegou o proxecto técnico "Acondicionamento interior do mercado municipal", onde se propón a rehabilitación deste espazo público por ter un mercado significado social e cultural para a comarca xa que está a permitir a promoción e posta en valor dos produtos locais, así como a súa comercialización.

Polo tanto, trátase dun proxecto que reforza o Concello de Crecente, tanto como entidade coordinadora do desenvolvemento socioeconómico do seu territorio como o seu potencial territorial, entendido este como unidade xeográfica.

Con este convenio procúrase promover unha corresponsabilidade compartida, susceptible de avanzar na construción conxunta do modelo comercial do Concello de Crecente, colaborando na rehabilitación do espazo que permita a promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca, facilitando ademais a súa comercialización.

A actividade comercial determina a vitalidade económica dunha zona, sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos. O comercio constitúe un elemento determinante para a cohesión e integración social e é esencial para configurar unha identidade propia, actividades singulares e culturalmente diversas. A comercialización e posta en valor dos produtos locais vai máis alá da súa consideración como actividade económica; o mercado configúrase como un espazo de relación veciñal, como catalizador da poboación do concello.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, e





dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo **Concello de Crecente "Acondicionamento interior do mercado municipal"**, propón a rehabilitación deste espazo público por ter un mercado significado social e cultural para a comarca xa que está a permitir a promoción e posta en valor dos produtos locais, así como a súa comercialización, o que xustifica o seu interese público e social.

A subvención directa decídese en base a criterios obxectivos, que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros. En concreto, na regra 3.- Categorias de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías seguintes:

E) Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca. Os proxectos senlleiros desta categoría deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Facilitar a transformación ou comercialización de produtos agroalimentarios característicos dun ámbito territorial rural, en especial os amparados por denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.
- b. Potenciar a produción, a transformación e a comercialización dos produtos naturais, salvo a produción dos produtos do Anexo I do Tratado da UE, que identifican unha zona ou comarca e forman parte do seu tecido produtivo.

TERCEIRO.- Financiación

A Agader e o Concello de Crecente, queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 10/11/2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2022.

PROXECTO *"Acondicionamento interior do mercado municipal de Crecente"* dentro da *"categoría de"* promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca.

- ORZAMENTO: Noventa e cinco mil setecentos cincuenta e tres mil euros con sesenta e cinco céntimos (95.753,65 €, IVE incluído).
 - Anualidade 2022: 28.726,09 €
 - Anualidade 2023: 67.027,56 €





- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos de Agader para os anos 2022 e 2023 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022 e 2023, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".			TOTAL
Importe	2022	2023	95.753,65 €
	28.726,09 €	67.027,56 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 10/11/2023. Para os gastos correspondentes á anualidade 2022, o prazo de execución e xustificación rematará o 10/11/2022 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2022.

Actividades a desenvolver:

RESUMO DE ORZAMENTOS		
1	Actuacións previas	113,89 €
2	Demolicións	456,92 €
3	Estrutura	5.955,69 €
4	Fachada e particións	11.281,03 €
5	Carpintería e vidrios	10.983,15 €
6	Remates e axudas	222,05 €
7	Instalacións de fontanaría	2.475,98 €
8	Instalacións evacuacións de augas	3.081,62 €
9	Instalación eléctrica	10.427,40 €
10	Instalación contra incendios	570,99 €
11	Revestimento e trasdosados	16.185,16 €
12	Equipamento	2.431,34 €
13	Xestión de residuos	709,65 €
14	Controis de calidade	467,76 €
15	Seguridade e saúde	1.137,58 €





Presuposto execución material (PEM)	66.500,21 €
13% gastos xerais	8.645,03 €
6% beneficio industrial	3.990,01 €
Presuposto execución por contrata (PEC=PEM+GC+BI)	79.135,25 €
21% IVE	16.618,40 €
Presuposto execución por contrata con IVE (PEC=PEM+GC+BI...)	95.753,65 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa destes expedientes incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da D.X de Orzamentos
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral
- Informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Agader
Inés Santé Riveira

